



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Practicum II	Código	652G03032	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	30
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos	Para matricularse no Practicum II é necesario ter superados 120 créditos e mais o Practicum I.			
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación Pedagoxía e Didáctica Psicoloxía			
Coordinación	Digon Regueiro, Alba Patricia	Correo electrónico	patricia.digon@udc.es	
Profesorado	Arias Rodriguez, Maria Alicia Arza Arza, Neves Cruz Lopez, Laura Cuevas Gonzalez, Lino Manuel Iglesias Galdo, Ana Maria López-Cortón Facal, Ana María Ramos Rodriguez, Xosé Ríos de Deus, María Paula Rodríguez Machado, Eduardo Rafael Rodríguez Romero, Maria del Mar Serantes Pazos, Araceli Zapico Barbeito, Mª Helena	Correo electrónico	alicia.arias.rodriguez@udc.es neves.arza@udc.es laura.cruz@udc.es lino.cuevas@udc.es ana.iglesias@udc.es ana.lopez-corton@udc.es jose.ramos@udc.es paula.rios.dedeus@udc.es e.rodriguez.machado@udc.es mar.rromero@udc.es araceli.serantes.pazos@udc.es helena.zapico@udc.es	
Web	www.educacion.udc.es/index.php?pagina=practicum			



Descrición xeral	<p>CORREO-E: practicum.educacion@udc.es</p> <p>CRÉDITOS E PRESENCIALIDADE</p> <p>Dos 30 créditos ECTS da materia (750 horas), 370 son de carácter presencial e 380 horas de carácter non-presencial ou de traballo autónomo.</p> <p>Das 370 horas de carácter presencial, 350 horas desenvolveranse nas institucións colaboradoras (25 horas semanais), e as 20 horas restantes dedicaranse a sesións informativas e formativas, así coma titorías na Facultade.</p> <p>O Practicum II constitúe a única materia a cursar no primeiro cuadrimestre do cuarto curso.</p> <p>CONTEXTUALIZACIÓN</p> <p>No curso 2009/10 iniciabamos o proceso de implantación duns novos plans de estudo acordes cos requirimentos do Espazo Europeo de Educación Superior, posto en marcha no ano 1999 coa Declaración de Bolonia. Esta declaración salientaba a importancia de reforzar o trinomio investigación-innovación-educación, para o que se propoñía como un fin básico mellorar a formación nos contextos das diferentes prácticas profesionais que a nosa lexislación recolle do seguinte xeito:</p> <p>?Os títulos de grao teñen como finalidade a obtención por parte do alumnado dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional? (art. 9.1), de tal maneira que considera a posibilidade de establecer prácticas externas que virían ?reforzar o compromiso coa empregabilidade dos futuros graduados e graduadas, enriquecer a formación? [e] proporcionar un coñecemento máis profundo acerca das competencias que necesitará? (preámbulo do RD 1393/2007, de 29 de outubro, de ordenación das ensinanzas universitarias oficiais).</p> <p>O propósito central da materia denominada Practicum non será só poñer en relación a formación adquirida cos diferentes contextos profesionais propios da educación do século XXI, para facilitar que o estudiantado tome conciencia dos aspectos básicos das prácticas profesionais. Tamén se lle asignará un papel chave na formulación de problemas e cuestións importantes necesarias á hora da investigación, co obxecto de situar a práctica profesional no centro da formación e como elemento para ter en conta na organización do currículo. Trátase de que a reflexión sobre a práctica converta esa experiencia en fonte de aprendizaxe, incrementa a capacidade de aprender con autonomía e potencia a aprendizaxe reflexiva para avanzar na construción do propio coñecemento, tomar decisións, innovar, buscar recursos e traballar en rede, competencias básicas para as titulacións de grao que responden ás esixencias da educación do século XXI.</p>
-------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Familiarizarse cos diferentes contextos profesionais propios da educación social	A1 A5	B3 B5 B6	C1 C4 C7 C8
Identificar e analizar os factores sociais, contextuais e institucionais que afectan aos procesos de acción socioeducativa.	A3 A5 A8 A14 A20 A21	B2 B3 B5 B6	C1 C4 C7 C8
Desenvolver unha disposición favorable ao traballo colaborativo e en equipo en contextos profesionais.	A20	B3 B5 B6	C1 C4 C7 C8



Deseñar, e der ser posible, desenvolver e avaliar proxectos, programas e accións socioeducativa que promovan a participación e o desenvolvemento comunitario	A3 A5 A7 A8 A9 A12 A14 A19 A21	B2 B3 B4 B5 B6	C1 C4 C7 C8
Identificar as esixencias de formación que require o exercicio profesional	A1 A3 A5 A14	B6	C4 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Contexto para o que se deseña a proposta socioeducativa. 2. Responsables e grupo destinatario da acción socioeducativa. 3. Proposta da acción socioeducativa: obxectivos, actuacións, recursos, avaliacións, resultados,... 4. A Educación Social no ámbito das prácticas.	Estes contidos estarán relacionados e adaptaranse aos seguintes ámbitos: 1. Dinamización cultural-ambiental. 2. Diversidade funcional. 3. Exclusión-inclusión-servizos sociais. 4. Maiores. 5. Menores. 6. Multiculturalidade-Cooperación-Desenvolvemento. 7. Políticas de igualdade-Muller. 8 Saúde-Drogodependencias.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A1 A3 A5	0	35	35
Portafolios do alumno	A14 B1 B2 B5 B6 C1 C8	0	340	340
Eventos científicos e/ou divulgativos	A14 B1 B3 B5 B6 C1 C4 C7 C8	10	0	10
Seminario	A14 B1 B3 B5 B6 C1 C4 C7 C8	10	0	10
Saídas de campo	A7 A8 A9 A11 A12 A14 A15 A19 A20 A21 B1 B3 B4 B5 B6 C1	350	0	350
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Análise de fontes documentais	Empregaranse documentos bibliográficos relevantes sobre os diferentes contidos a que o Practicum II dá prioridade, como base para a análise e a reflexión sobre a diversidade de experiencias con que se entre en contacto nas institución socioeducativas. É imprescindible entender a relación teoría-práctica e atender aos múltiples factores que inciden no desenvolvemento da intervención socioeducativa, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das distintas formas de interpretar a realidade socioeducativa. O/a Titor/a da Facultade establecerá as lecturas obrigatorias que considere necesarias para o mellor desenvolvemento do Practicum.
Portafolios do alumno	Memoria na que o alumnado rexistra e reflexiona sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante o período de prácticas. Está organizada nos seguintes cinco apartados: Introducción; Deseño da proposta socioeducativa; Diario de Practicum; Referencias; Anexos. O Diario de Practicum recollerá un mínimo de oito entradas organizadas temáticamente. Cada entrada debe contemplar unha descrición detallada e ordenada da situación obxecto de reflexión, unha análise reflexiva da situación descrita fundamentada nos coñecemento teórico-prácticos, conclusións e propostas de mellora. En todo momento garantirase a confidencialidade das persoas implicadas.
Eventos científicos e/ou divulgativos	O alumnado asistirán as xornadas formativa do Practicum incluíndo a descrición e valoración das mesmas como unha entrada do Diario. A realización deste evento dependerá da existencia do orzamento necesario.
Seminario	1.Sesión informativa inicial (2 horas). Información xeral para comentar e precisar a Guía docente, así como as pautas de carácter xeral, e orientar o alumnado acerca da súa decisión á hora de elixir institución colaboradora. Tamén se explicarán as funcións das diferentes persoas que van a titorizar o Practicum. 2.Selección de institución (2 horas). 3.Tres seminarios de titoría durante o Practicum co profesorado titor da Facultade (6 horas). - Antes de incorporarse á institución de prácticas o profesorado de Practicum, na data que se establecer, orientará o alumnado que titoriza cando menos sobre as seguintes cuestións: documentos que debe incluír no portafolios, lecturas imprescindibles e datas de entrega dos traballos solicitados, cronograma dos seminarios e calquera outra suxestión que estimar oportuna. - Durante a realización do Practicum terá lugar a posta en común do traballo realizado ata o momento co fin de revisar a planificación proposta, formular e resolver as posibles necesidades e/ou conflitos percibidos. Trátase de seleccionar e analizar conxuntamente situacións ou procesos representativos do decorrer da práctica profesional. Tamén se comentarán os textos ou documentos seleccionados para este fin. -Ao finalizar a estada na institución, de avaliación e reflexión final do practicum.
Saídas de campo	Constitúen as prácticas pedagóxicas: 350 horas de permanencia na institución socioeducativa durante as cales se realizarán tarefas de observación, análise de casos, colaboración en accións socioeducativas cos profesionais da propia institución, etc. Así mesmo, realízase o deseño dun proxecto de intervención socioeducativa (programación, actividade, plan de mellora, plan de avaliación, etc.) que se desenvolverá e avaliará segundo o determine o titor/a da institución.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Saídas de campo	A atención personalizada concíbese como momentos de traballo presencial co profesorado, polo que implican unha participación obrigatoria para o alumnado.
Portafolios do alumno	
Seminario	A forma e o momento en que se desenvolverá indicaranse para cada actividade ao longo do Practicum II e o plan de traballo. Alén dos seminarios de seguimento do Practicum, o profesorado titor da Facultade estará dispoñible no horario de titorías. O/a Titor/a da UDC realizará un primeiro contacto obrigatorio, previo á incorporación do alumnado ao centro. O/a Titor/a da UDC manterá unha fluidez comunicativa co titor/a da institución, de maneira que garante o desenvolvemento adecuado do practicum. Un dos contactos coa institución terá obrigatoriedade forma de visita.

Avaliación



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Saídas de campo	A7 A8 A9 A11 A12 A14 A15 A19 A20 A21 B1 B3 B4 B5 B6 C1	O titor/a da institución colaborará na avaliación, valorando a implicación e a actuación do alumnado.	40
Portafolios do alumno	A14 B1 B2 B5 B6 C1 C8	Os criterios avaliativos serán: - Capacidade de relación teoría-práctica, capacidade para relacionar ideas e accións. - Dominio conceptual e capacidade analítica - Capacidade de argumentar e fundamentar. - Expresión escrita propia e claridade expositiva - Capacidade de descrición de escenarios, situacións e accións. - Capacidade de autoavaliación e autocrítica. - Calidade técnica (formulación clara e operativa dos obxectivos, detalle na descrición da metodoloxía e as accións, coherencia entre a análise da realidade, os obxectivos e as actividades planificadas...) e carácter inclusivo do proxecto socioeducativo. - Orixinalidade e carácter innovador do proxecto de acción socioeducativa.	40
Eventos científicos e/ou divulgativos	A14 B1 B3 B5 B6 C1 C4 C7 C8	Avaliarase cos criterios: - Asistencia a todas as sesións - Calidade das achegas á hora de expor contidos nas diferentes sesións así como a pertinencia e madureza das reflexións persoais ao respecto recollidas no Diario.	10
Seminario	A14 B1 B3 B5 B6 C1 C4 C7 C8	Avaliándose cos criterios -Asistencia a todas as sesións -Calidade das achegas á hora de expor dúbidas, expor ideas enriquecedoras e compartir experiencias de interese, etc.	10

Observacións avaliación

Requisitos para superar a materia:

1. Para aprobar, será necesario superar os seguintes elementos da avaliación: prácticas socioeducativas e portafolios.2. O portafolios deberá ser subido a Moodle nas datas indicadas. Elementos de avaliación que se poden recuperar na 2ª oportunidade de avaliación (xullo):1. As prácticas non poden recuperarse, polo que a cualificación obtida en xuño mantense para xullo. Isto supón que un suspenso en xuño implica a non superación da materia.2. Os seminarios e xornadas non se poden recuperar, polo que a nota en xuño mantense para xullo.3. O portafolios pode recuperarse, polo que o alumnado que non o supere en xuño terá ocasión de melloralo en xullo, conservando sempre as cualificacións dos demais elementos avaliados. Cualificacións:1. A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas en cada elemento avaliado, co seu peso respectivo. O profesorado titor/a da Facultade será o encargado de solicitar a cualificación do centro de prácticas e de realizar as medias correspondentes que serán enviadas ao Decanato.2. No caso de non superar algunha das partes de obrigatoria superación da materia, anota final será a nota de parte non superada.3. Non realizar as prácticas socioeducativas estando matriculado na materia supón un NP.4. Non presentar o portafolios tendo as prácticas socioeducativas superadas supón un suspenso.5. No caso de que os eventos científicos e/ou divulgativos non se realizaran o 10% da cualificación asinada a este apartado se sumará ao portafolio.

Fontes de información

Bibliografía básica	Cómpre consultar a listaxe das diferentes materias do mestrado segundo o ámbito elixido e de acordo as indicacións do titor/a
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario
Observacións
O envío do portafolios será telemático vía Moodle. De requirir o profesorado tutor/a unha copia en papel, non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías